



Materiais didácticos para a actividade

Equipo de traballo

Juan Carlos Ávila Ribadas

Román Cerqueiro Landín

Paco Díaz Rey

Doc nº5: Aprendizaxe colaborativa. Galicia **CATIVA**

Sen lugar a dúbidas, coa chegada de internet ás aulas as formulacións didácticas máis inobilistas, centradas no papel do mestre como fonte de coñecemento única, deixan definitivamente de ter sentido para acadar a relevancia que sempre tivo o papel do alumnado como principal valor nos procesos de ensino-aprendizaxe. Hoxe en día ninguén pode pretender estar en posesión da razón única e unívoca, xa que a rede pon de manifesto a diario tanto a pluralidade como a diversidade de opinións lanzadas ao ciberespazo sobre calquera tema no que esteamos interesados en traballar.


As TIC como recurso están a posibilitar non só traballar tipoloxías textuais, como as propostas a través deste obradoiro de escrita dixital, cada unha delas coas súas características ben definidas, senón que ademais, coa chegada do que no seu momento se chamou web 2.0, comezouse a tomar en conta a importancia da participación, interrelación e comunicación entre os individuos. Sobre todo debemos ter en conta que a aprendizaxe dos procesos de lectoescritura están encamiñados a facilitar os procesos comunicativos entre as persoas.

Un dos procedementos de aprendizaxe das línguas de máis peso desde as idades máis temperás foi sempre a imitación dos grupos de iguais que en moitas ocasións leva a traballar cooperativamente ([aprendizaxe cooperativo](#), a partir das partes xenerar coñementos cun maior peso final).

A través de internet moitos de nós coñecemos grandes experiencias deste tipo de aprendizaxes, como por exemplo a [Wikipedia](#): recurso baseado nas achegas que a xente de todo o planeta fai sobre aqueles contidos que pretende mostrar o resto do mundo.



Esta ferramenta posibilita que cada individuo realice contribucións novas a unha entrada xa feita ou ben complete os contidos existentes, poñendo á disposición de calquera e en calquera parte do mundo a información elaborada de xeito cooperativo.



Outro grande exemplo serían as aplicacións de software libre, elaboradas por milleiros de persoas que a través de diversos proxectos colaborativos permiten desenvolver e poñer en marcha iniciativas, como por exemplo o [Linux](#).

A nosa proposta de traballo. Galicia Cativa.

Nesta encarga final pretendemos profundar na idea de traballo cooperativo; farémolo a través dunha proposta que consideramos sinxela, práctica, atractiva e, sobre todo, que recolle unha das principais premisas desta actividade, “aprender facendo e aprender cos demais”. Traballaremos con [Google Maps](#), unha das ferramentas de [Google](#), que como ben coñeces ten unha serie de aplicacións á disposición dos usuarios (Blogger é outra delas), ademais do coñecido buscador.



As aplicacións didácticas desta ferramenta baseada na xeolocalización permite a creación de mapas personalizados nos que se poden incluír, ademais dos xa coñecidos puntos de localización, imaxes, textos e incluso vídeos, que fan que as propostas realizadas poidan ser múltiples en calquera dos niveis educativos. Por exemplo, poderíamos propoñer actividades como:

- Lugares para visitar canto se propón unha saída desde o centro, mesmo trazar a ruta a seguir.
- Facer unha viaxe virtual.
- Leer un relato sobre un mapa interactivo. (*A volta ao mundo en 80 días*, *As viaxes de Tintín*, por exemplo)
- Realización de percorridos onde se deben localizar determinados puntos en función de diversos criterios como poden ser: históricos, científicos, artísticos, literarios, lúdicos, etc. As posibilidades son case infinitas.


Con este tipo de tarefas estaremos a traballar contidos que exceden o campo da lecto-escrita, xa que afrontaremos traballos que incidirán directa ou indirectamente nas distintas competencias curriculares.

Itinerario Galicia Cativa...

Google maps. Marcador posicional.

A partir do mapa “[Galicia Cativa](#)” pretendemos a realización dun mapa con imaxes e minitextos cando menos sorprendentes. A achega individual quedará completada cando o derradeiro participante nesta actividade inclúa a súa propia.


Os pasos a seguir deberían comezar por establecer o lugar onde podemos atopar aquel elemento, obxecto, situación... ao que queremos facer referencia. Aquí tedes uns videos como referencia do profesor [Anibal de la Torre](#).



<http://youtu.be/F8VYPmHI8Tc>

O itinerario. Escribindo nun mapa...

Tras este primeiro paso procederemos a editar os marcadores para dar sentido a esta tarefa que vos propoñemos.



<http://youtu.be/a94blRtghTU>

Como podedes comprobar esta tarefa precisa da inclusión de imaxes ou videos para o cal debes ter sempre presente o peso das imaxes a empregar. Ademais será preciso apoiarnos nun álbum web para obter a dirección das fotografías a incluír. Si xa contas con un podes empregalo, si polo contrario, non é así aquí tes tres opcións que compren con creces as nosas expectativas e que tras rexistrarnos nos permitirán obter o código preciso para facer a tarefa.



[PICASA](#)



[FLICKR](#)



[PHOTOBUCKET](#)

Como sempre, a opción máis sinxela será empregar o álbum web de Picasa, xa que esta forma parte das aplicacións de Google e é a aplicación que emprega por defecto o blogue persoal que creamos ó comezo desta actividade.

No caso de que a opción sexa videos, precisaremos dalgunha páxina de aloxamento destes. A nosa proposta é Youtube, aínda que existen outras opcións igual de válidas, como son Dailymotion ou Vimeo.



[YOUTUBE](#)



[DAILYMOTION](#)



[VIMEO](#)

A modo de CONCLUSIÓN:

Agardamos que esta tarefa final sirva como estímulo de novas aprendizaxes cooperativas e que, cando menos, desfrutedes realizándoa. O noso desexo é que o aquí tratado teña o seu reflexo nas vosas aulas; que como docentes continuedes a aprender cada día en cada momento e con cada persoa coa que vos relacionedes, virtual ou persoalmente.

Un saúdo.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.